

1. INTRODUCCIÓN AO PLANEAMENTO.....	2
2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.....	2
2.1. Tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica	2
2.2. Análise da calidade do Informe de Sostibilidade Ambiental	3
2.2.1. <i>Obxectivos definidos</i>	3
2.2.2. <i>Análise obxectiva do contorno</i>	5
2.2.3. <i>Análise de alternativas</i>	5
2.2.4. <i>Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio</i>	5
2.2.5. <i>Medidas previstas para reducir e contrarrestar calquera efecto significativo sobre o medio</i>	5
2.2.6. <i>Proposta de plan de seguimento</i>	6
2.2.7. <i>Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, reducir e paliar os efectos negativos do planeamento</i>	6
2.2.8. <i>Adaptación ao Documento de referencia</i>	6
2.3. Participación pública e consultas	6
2.3.1. <i>Valoración do procedemento de Participación Pública e Consultas e informe das mesmas</i>	6
2.3.2. <i>Resultados da participación pública e as consultas</i>	6
3. INTEGRACIÓN DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO PLANEAMENTO.....	7
3.1. Integración dos criterios de sustentabilidade no planeamento. Incidencia ambiental do planeamento	7
3.2. Seguimento da actuación	13
4. CONCLUSIÓNS E SINTESE FINAL SOBRE A INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS NO PLAN.....	13
ANEXO 1: SISTEMA DE INDICADORES E PLAN DE SEGUIMENTO	14
Sistema de indicadores:	15
Plan de seguimento:	18
ANEXO 2: INFORMES SECTORIAIS	20

1. INTRODUCCIÓN AO PLANEAMENTO

O concello de Tordoia dispón, na actualidade, para a súa ordenación municipal do seu territorio dunha Delimitación de Solo Urbano, aprobada definitivamente o 22 de xaneiro de 1979. Para a regulación do resto do termo municipal a regulación depende das Normas Subsidiarias Provinciais e das normas de aplicación directa da recente LOUPMRG.

O PXOM de Tordoia pretende encouzar o crecemento municipal no marco da vixente lexislación do solo, e non se plantexa modificacións na estrutura actual. Así, o criterio marco é o de manter a morfoloxía presente na actualidade en Tordoia, concentrando a vivenda colectiva no núcleo urbano de Pontepedra e deixar a eventual vivenda unifamiliar para os núcleos rurais, dotándoos así mesmo do solo necesario para aqueles equipamentos en que resulten deficitarios. Considérase que este criterio ten carácter estratéxico e é o que maior índice de sostibilidade presenta, pois contempla o desenvolvemento e consolidación do principal núcleo urbano, permite crecer aos núcleos rurais ao ritmo da súa propia demanda, impide a edificación indiscriminada en ámbitos non regulados e, por último, contempla o redimensionamento de tódolos servizos e equipamentos necesarios, todo isto baixo pautas de sostibilidade e minimizando calquera impacto que se poida producir.

Polo que fai ao resto da información sobre o PXOM, de acordo co punto 4 do Documento Marco de Referencia para a AAE dos PXOM do 19 de xaneiro do 2007, e co fin de evitar a duplicidade e reiteración da información relativa ás características, obxectivos, modelo territorial proposto, bases do planeamento, contido do PXOM, medidas e efectos previsibles, este Informe remite ás partes concretas ás que se fan referencia nos documentos que se citan:

MEMORIA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Capítulo 1. Introducción

- 1.3. Conveniencia e oportunidade do PXOM de Tordoia
- 1.4. Ámbito de influencia
- 3.2. Xustificación da proposta
 - 3.2.3. Modelo de xestión urbanística proposto
 - 3.2.3.1. Xestión do solo urbano
 - 3.2.3.2. Xestión do solo de núcleo rural
 - 3.2.3.3. Xestión do solo urbanizable
 - 3.2.3.4. Xestión do solo rústico
 - 3.2.4. Criterios e estratexias de xestión do planeamento
- 3.3. Descrición e xustificación dos parámetros urbanísticos da ordenación proposta
 - 3.3.1. Cuantificación da clasificación do solo e as capacidades do planeamento
 - 3.3.1.1. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano

- 3.3.1.2. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano non consolidado
- 3.3.1.3. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo de núcleo rural
- 3.3.1.4. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable delimitado
- 3.3.1.5. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable non delimitado
 - 3.3.1.6. Ordenación do solo rústico
 - 3.3.1.6.1. Solo rústico de Protección Agropecuaria
 - 3.3.1.6.2. Solo rústico de Protección Forestal
 - 3.3.1.6.3. Solo rústico de Protección de Augas
 - 3.3.1.6.4. Solo rústico de Protección de Infraestruturas
 - 3.3.1.6.5. Solo rústico de Protección de Patrimonio (arquitectónico e arqueolóxico)
 - 3.3.1.6.7. Solo rústico de Protección Ordinaria
- 3.3.2. Cuantificación e definición de sistemas xerais
 - 3.3.2.1. Sistema xeral viario
 - 3.3.2.2. Sistema xeral de zonas verdes e espazos libres
 - 3.3.2.3. Equipamentos e dotacións
 - 3.3.2.4. Obtención, execución e deseño das novas dotacións

INFORME PREVIO PARA O PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

2. Obxectivos do PXOM

5. Descrición do planeamento

- 5.1. Función do Planeamento
- 5.2. Marco normativo
- 5.3. Alcance e contido
 - 5.3.1. Criterios para o planeamento e análise das alternativas formuladas
 - 5.3.2. Tipos de medidas incluídas no planeamento
 - 5.3.3. Aproximación aos efectos previsibles

2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

2.1. Tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica

Para promover un desenvolvemento sustentable, acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do PXOM, sométese a unha Avaliación Ambiental estratéxica conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no

medio ambiente, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O concello de Tordoia, responsable da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e, polo tanto, órgano promotor do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica, inicia os traballos para a elaboración do PXOM no ano 2006. Posteriormente emite, en febreiro do 2007, o Informe Previo para o Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, cuio contido se axusta ao especificado no artigo 18 da Lei 9/2006, dándose comezo á avaliación.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, órgano ambiental no mencionado proceso de AAE remite ao órgano promotor, en xaneiro do 2007, o “Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Tordoia”, tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), precisando a información que, como mínimo, deberá conter (anexo I da citada Lei). Este Documento de Referencia está dispoñible na seguinte dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es/aae/VerArquivo.do?idd=2579>

Así, e seguindo os criterios e directrices establecidos do Documento de Referencia, e tendo en conta o que a Lei 9/2006 establece, o concello de Tordoia procedeu á redacción da proposta do Plan, do que é parte integrante o ISA.

O concello de Tordoia, tras aprobar inicialmente o Plan e de acordo coas esixencias de participación pública derivadas do proceso integrado de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico descrito na Lei 6/2007, someteu o documento do PXOM ao trámite de consulta pública nos prazos establecidos.

Posteriormente, o concello de Tordoia remite á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible toda a documentación do Plan Xeral para a redacción da memoria Ambiental por parte do órgano ambiental.

A finalidade da Memoria Ambiental é a de valorar a consideración da dimensión ambiental na toma de decisións do Plan. Analízanse neste contexto o proceso de avaliación, o ISA e a súa calidade, o resultado das consultas realizadas e a súa toma en consideración, así como a previsión dos efectos derivados da aplicación do Plan, a as súas correspondentes medidas.

Tal e como esixe a propia Lei 9/2006, para dar publicidade a todo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, tódolos documentos xerados durante este procedemento fanse públicos a través da web citada máis arriba.

2.2. Análise da calidade do Informe de Sostibilidade Ambiental

Avalíase neste apartado o grao de adecuación do contido do ISA ao indicado no anexo I da Lei 9/2006, de Avaliación Ambiental Estratéxica, e ao Documento de Referencia, a analízanse os puntos fundamentais da estrutura e contidos do ISA.

2.2.1. Obxectivos definidos

A formulación e realización do Plan Xeral de Ordenación municipal para o concello de Tordoia ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanísticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores produtivos, neste caso os industriais, agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia dun núcleo urbano, no que a día de hoxe se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia dunha trama de núcleos máis laxa, cuia organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral plantéxase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Tordoia e ser eminentemente realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante, sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que aos solos se lle asignen.

A relación dos obxectivos e criterios de ordenación do PXOM de Tordoia atópase no capítulo 3 da Memoria do PXOM.

---Criterios estratéxicos:

- **Viabilidade:** canto a localizar as distintas accións en función das súas posibilidades reais e dos obxectivos propostos, minimizando as afeccións negativas e simplificando, na medida do posible, a xestión administrativa.

- **Flexibilidade:** o planeamento debe posibilitar a súa adaptación ós distintos estadios ou fases de desenvolvemento e a diferentes alternativas que se poden producir.
- **Realidade:** O planeamento debe estar de acordo coa capacidade económica, tanto da administración pública como do sector privado. Tamén, debe contemplarse como condicionante a parcelación actual do solo.
- **Equidade:** Debe evitarse a xerarquización do territorio en áreas de diferente nivel de calidade como consecuencia do planeamento.

---Obxectivos xerais:

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tordoia parte co propósito de adaptar a ordenación urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendinte a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilitou, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poda ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servizos.

A inexistencia dun Plan Director Comarcal, que defina as directrices xerais de estruturación do territorio, obriga a efectuar unha análise das necesidades e posibles demandas de solo para efectuar a ordenación xeral.

Tendentes á consecución destes fins, o PXOM recolle os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

A) Reestruturación funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do concello.
- A.2) Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
- A.3) Completar a trama urbana do núcleo urbano existente, mellorando a súa funcionalidade.
- A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes

B) Consideración da importancia do medio rural:

- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B.2) Conservar a parroquia como institución básica da convivencia rural.
- B.3) Potenciar as actividades agropecuarias e forestais.
- B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

C) Conservación ambiental:

- C.1) Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).
- C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental. O estudio pormenorizado establece detalladamente este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.
- C.3) Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
- C.4) Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
- C.5) Ordenar adecuadamente as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ao sector primario.

D) Dotación de elementos Comunitarios:

- D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.
- D.2) Mellora das actuacións infraestruturais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do concello, conservando cada unha das súas particularidades.

- E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no concello.
- E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.
- E.3) Fomento, de acordo coa Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.
- E.4) Fomento da rehabilitación da arquitectura tradicional.

---Criterios de carácter ambiental

- Sostibilidade territorial e densidade urbana
- Límites territoriais do crecemento
- Tratamento do medio rural
- Asentamentos rurais
- Planeamento respecto á paisaxe

- Respecto do patrimonio natural

---Integración das variables e criterios do AAE no PXOM

- Consumo de solo
- Ciclo hídrico
- Enerxía
- Emisións contaminantes
- Xestión dos residuos
- Actividades económicas
- Integración social
- Medio natural
- Medio rural
- Paisaxe
- Medio urbano
- Patrimonio
- Poboación
- Vivenda
- mobilidade

---Recomendacións para as variables non integradas no PXOM

Este apartado recolle unha serie de recomendacións acerca de variables que, polo seu carácter ou tipoloxía, non se poden integrar directamente nas accións contempladas polo Plan por non ser da súa competencia ou exceder as posibilidades do concello.

---Integración do Plan de Acción da Axenda 21 Local

A Mancomunidade de Ordes, entidade supramunicipal á que pertence o concello de Tordoia, ten implementada unha Axenda 21 Local, e tanto o Plan Xeral como o ISA integran o contido das liñas estratéxicas do Plan de Acción da citada Axenda 21.

2.2.2. *Análise obxectiva do contorno*

O ISA realiza un estudo da situación actual do medio socioeconómico, onde se analizan a demografía, a actividade económica, as dotacións, infraestruturas e equipamentos e o patrimonio histórico artístico do concello. Dadas as características dos datos existentes e a escala do plan, a análise faise a escala municipal.

Tamén analizase o medio físico e biótico, no que se describen as seguintes variables: xeografía, climatoloxía, hidroloxía, xeoloxía, paisaxe, vexetación, auga, fontes de contaminación e de refugallos. Esta análise faise a escala do ámbito obxecto de estudo, isto é, municipal, aproximándose ao terreo a través da literatura existente e do traballo de campo.

2.2.3. *Análise de alternativas*

O ISA non contempla máis que a alternativa elixida aparte da alternativa 0, que supón a non aplicación do PXOM o que, neste caso, non ten sentido, xa que a redacción do PXOM trata de dar resposta a problemas preexistentes e, por outra parte, adaptarse á lexislación vixente. Ademais, o Plan realizou modificacións nas súas accións urbanísticas, froito das indicacións do presente ISA e da poboación do concello, a través do proceso de participación pública e consultas.

2.2.4. *Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio*

O ISA leva a cabo unha aproximación aos efectos previsibles no concello en caso de non aplicación do Plan, e o escenario futuro que se identifica de aplicarse a alternativa 0 ten efectos positivos para o concello, tanto no eido socioeconómico, como no puramente urbanístico e medioambiental. Pola contra, os efectos que se identifican de non aplicar o PXOM son neutros no presente e negativos a medio e longo prazo.

Por outra parte, o ISA fai unha análise e ponderación dos efectos ambientais derivados da aplicación do planeamento sobre as variables descritas no punto 5.3 do ISA. Esta identificación faise equiparando os efectos a impactos ambientais, xa que se considera que coñecendo os impactos poderanse deseñar sistemas axeitados de corrección.

2.2.5. *Medidas previstas para reducir e contrarrestar calquera efecto significativo sobre o medio*

O ISA inclúe unha serie de medidas preventivas (punto 7) destinadas a paliar os posibles efectos negativos sobre os impactos identificados.

Os principais impactos negativos identificados refírense ás fases de urbanización, por tanto, as medidas previstas diríxense principalmente a protexer aqueles elementos que eventualmente se verán afectados pola urbanización.

2.2.6. Proposta de plan de seguimento

O ISA recolle o sistema de indicadores (punto 9.1 do ISA e anexo 1 da presente proposta de memoria) propostos polo Documento de referencia, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. En concordancia co sistema de indicadores, deséñase un plan de seguimento (punto 9.2 do ISA e anexo 1 da presente proposta de memoria) que contempla o impacto a seguir, o método de control e a frecuencia do control. Tamén se indica o responsable do control do programa de seguimento.

2.2.7. Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, reducir e paliar os efectos negativos do planeamento.

Na Memoria do PXOM figura a estratexia de actuación e estudo económico do PXOM. Dada a entidade e baixa importancia, dende o punto de vista medioambiental e da sostibilidade, dos previsibles impactos derivados do desenvolvemento do PXOM, estes deben considerarse como integrados no custo de execución das accións urbanísticas programadas, xa que logo, non son precisas accións específicas de corrección.

Polo que fai ao polígono industrial, o resto do custo derivado da execución do programa de seguimento será avaliado e orzamentado polo futuro órgano xestor da nova área industrial. O resto dos solos industriais son accións de regularización.

2.2.8. Adaptación ao Documento de referencia

O ISA estrutúrase segundo os apartados indicados no Documento de referencia, que son os contemplados no anexo I da Lei 9/2006

2.3. Participación pública e consultas

2.3.1. Valoración do procedemento de Participación Pública e Consultas e informe das mesmas

O Plan Xeral, coa súa parte integrante, o ISA, someteuse ao proceso de participación pública e consultas nos prazos legalmente establecidos polo apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007 do 11

de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. O plan foi exposto durante dos meses, dende o 10 de xuño ata o 10 de agosto do 2008, tras ser inserido o correspondente anuncio no DOG núm. 110, de 9 de xuño de 2008.

2.3.2. Resultados da participación pública e as consultas

A continuación, presentase un resumo das alegacións:

Total alegacións presentadas no período de exposición: 452

Alegacións presentadas fóra de prazo: 19

Destas alegacións foron informadas favorablemente un total de 217, parcialmente favorables 59 e desfavorablemente 195.

TIPIFICACIÓN DE ALEGACIÓNS

Alegacións presentadas por colectivos, agrupacións ou empresas:

Nº rex. 1.570. Grupo Municipal do BNG: Solicita:

- Incluir dentro da delimitación do solo urbano as rúas da Rega e Portomalvís.
- Outorgarlle a mesma consideración ás ordenanzas correspondentes ás zonas 2 e 3.
- Que as rúas do solo urbano de Pontepedra teñan a mesma anchura en tódolos seus puntos.
- Incluir as fincas xa construídas dentro da área de expansión do núcleo de Pedrasalgueira.
- A unión do núcleo de Pousadoiro co núcleo de Niño do Corvo.

Nº rex. 1.711. Grupo Municipal Socialista: Solicita:

Nos puntos primeiro a décimo segundo o escrito refírese a cuestións xenéricas, moitas delas de tramitación que non poden considerarse alegacións como tal para logo facer unha análise pormenorizada por parroquias:

- Parroquia de Castenda: Abeleiras: Solicítase a unión de varios núcleos tradicionais así como reflexar varias construción existentes. Borreiros: solicítase a actualización cartográfica e a eliminación dunha área de expansión inviable. Bouzamerelle: solicítase actualización cartográfica e ampliación da área de expansión. Carballal, Castro, Cruz do Carballal, Malvares, Torre e Vilar: solicítase ó igual que en Abeleiras a unión dos núcleos tradicionais. Poboanza:

Solicítase ademais da actualización cartografía a clasificación dunha zona da área de expansión como solo de núcleo tradicional e dunha zona de solo rústico como área de expansión. Saboi: Solicítase a actualización cartográfica e a modificación e ampliación da área de expansión. Tarroeira: solicítase a actualización cartográfica e a unión dos núcleos tradicionais entre si ademais de aumentar a superficie das área de expansión xa previstas. Vilaroscuro: solicítase a inclusión de dous inmobles.

- Parroquia de Cabaleiros: solicítanse correccións cartográficas na zona do grupo escolar, vivenda en ruínas do plano 04-11, vivenda do plano 04-11, tanatorio no plano 04-03. Solicítase ampliar a delimitación do núcleo 04-03.

- Parroquia de Santaia: Solicítase a unión de varios núcleos tradicionais.

- Solo urbanizable S-02: solicítase a súa redelimitación excluindo del as vivendas existentes.

- Solo urbanizable S-05: solicítase incluír as vivendas deste núcleo dentro dun núcleo consolidado.

- Solo urbanizable S-03: Solicítase excluír as vivendas do solo industrial.

Estas alegacións teñen resolucións diversas e están convintemente motivadas nos escritos que acompañan ó presente informe.

Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do núcleo rural: 367

Destas alegacións foron informadas favorablemente 181, favorables de maneira parcial 28, e desfavorablemente 158.

Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbano: 29

Destas alegacións foron informadas favorablemente 8, favorables de maneira parcial 3, e desfavorablemente 18.

Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbanizable: 16

Destas alegacións foron informadas favorablemente de maneira parcial 7 e desfavorablemente 9.

Alegacións que solicitaban o cambio de cualificación dentro dos tipos de solo rústico: 4

Destas alegacións foron informadas favorablemente de maneira parcial 1, e desfavorablemente 3

Alegacións que solicitaban o cambio de cualificación dentro dos tipos de núcleo: 1

Esta alegación foi informada desfavorablemente.

Alegacións que solicitaban o cambio de clasificación de solo de núcleo rural a solo rústico: 6

Destas alegacións foron informadas favorablemente 5, e favorablemente de maneira parcial 1.

Alegacións que solicitaban o cambio de clasificación de solo urbanizable a solo rústico: 2

Estas alegacións foron informadas favorablemente de maneira parcial.

Alegacións varias: 44

Nestas alegacións solicitábase, a modificación da cartografía, a modificación da ordenación do solo urbano, a variación do límite municipal entre outras. A resolución destas alegacións, con diferentes resolucións baseouse na verificación da realidade preexistente e no cumprimento estricto da lexislación vixente. Así foron informadas favorablemente 23, favorablemente en sentido parcial 15 e desfavorablemente 6.

3. INTEGRACIÓN DAS VARIABLES AMBIENTAIS NO PLANEAMENTO

3.1. Integración dos criterios de sustentabilidade no planeamento. Incidencia ambiental do planeamento

As medidas e recomendacións contempladas no ISA para a integración dos criterios de sustentabilidade considéranse incorporadas na toma de decisións e actuacións que contempla o planeamento.

Consumo de solo

O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan. Non obstante, as previsións de vivenda son superiores á demanda real debido ao elevado número de asentamentos de poboación existentes, á súa dispersión e á estrutura da propiedade, posto que a simple delimitación dos núcleos rurais existentes e as súas hipotéticas áreas de expansión, proporcionan unha moi elevada capacidade residencial con respecto á demanda real. Por último, compre aclarar que so se plantexa como solo con expectativas reais –solo urbanizable delimitado de uso residencial- unha pequena bolsa no límite Norte de Pontepedra.

Respecto ás zonas de equipamentos e zonas libres derivadas da capacidade edificatoria hipotética do Plan, compre subliñar que estas centralízanse nas áreas máis densamente poboadas (núcleo de Pontepedra), o que minimiza as necesidades de mobilidade dos usuarios respecto ao transporte público, servizo este, por outra parte, moi pouco funcional neste concello. Esta debilidade do transporte público incentiva o emprego masivo do transporte privado como único medio de transporte –agás o transporte escolar- feito que xera un claro factor de insostibilidade ambiental.

Os novos desenvolvementos urbanísticos no concello sitúanse sobre espazos xa antropizados (ver o punto 3.3.1.4. da memoria do PXOM).

Os planos de clasificación do Plan localizan os espazos con impacto visual, espazos que, ademais, redúcense a concas visuais de pequeno tamaño, mentres que as mais visíbeis están xa protexidas.

O Plan non afecta a ningún espazo con especiais características litolóxicas ou xeomorfolóxicas nin inaxeitados para a edificación. Tampouco se fragmenta o territorio nin ningunha unidade ecolóxica nin se traza novo viario que teña efectos de barreira ecolóxica ou visual.

Ciclo hídrico

As instalacións de abastecemento e saneamento do concello son capaces e suficientes para a poboación de Tordoia e o seu eventual crecemento.

A capacidade de recarga do sistema de abastecemento é suficiente para a poboación actual e para as afeccións do Plan ao longo de todo o ano.

O punto 2.12.2.1. da memoria indica a poboación total con servizo municipal de abastecemento e saneamento e a súa previsión futura. Indícase tamén a capacidade do sistema segundo a

variación anual da demanda de auga. Este punto indica tamén as necesidades de saneamento da poboación co fin de garantir a depuración dos efluentes.

O Plan non contempla actuacións nos sistemas de depuración particulares por exceder do ámbito no plan. Non obstante, e vía ordenanzas (artigo 2.2.11, Condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato), establecerá un sistema de mantemento e limpeza periódicos das fosas sépticas, tanto de carácter urbano como industrial.

No solo urbanizable, o Plan establece o 35% como porcentaxe mínima de zona sen impermeabilizar.

O Plan promove o emprego de pavimentos drenantes na urbanización co fin de facilitar a filtración de auga, compatibilizando a urbanización coa dinámica propia do ciclo hídrico (art. 7.2.1. Urbanización da rede viaria). Así mesmo, o Plan establece unha rede separativa de augas pluviais e residuais.

O punto 3.3.1.6.3. da Memoria do PXOM inventaria o Solo Rústico de Protección de Augas.

Os focos de vertidos da rede municipal aos leitos fluviais están convintemente inventariados, así como a orixe da auga que abastece ao concello. As augas residuais depuradas vértense ao río Pontepedra.

Non se detectan cambios de usos nas escorrentías, e nos solos urbanizables e o Plan contempla a imposición dunha rede de recollida de pluviais no viario público.

Enerxía

O consumo enerxético e a contaminación lumínica do alumeadado público regularase vía ordenanza municipal, na que se contemplará o emprego de dispositivos de baixo consumo e alta eficiencia enerxética e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan (art. 7.2.10. Iluminación pública).

Polo que fai á previsión de implantación de infraestruturas para a xeneración de enerxía sostible procedente de fontes renovables, estes sistemas, tendo en conta a Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, só poden situarse en solo rústico de protección ordinaria. Segundo o disposto na citada Lei, a clasificación de solo rústico de protección ordinaria deberá estar especialmente xustificada en base á non concorrencia de potencialidades que fagan necesaria a súa protección. Este feito limita de xeito evidente a posibilidade de clasificación de este tipo de solo e, por tanto, a implantación de sistemas de obtención de enerxía de fontes renovables.

Emisións contaminantes

A evacuación de augas de pilóns e lavadoiros públicos do concello non se considera un problema medioambiental a causa do baixo nivel de utilización dos mesmos na actualidade. Son, ademais, augas grises de baixa concentración que non xeran contaminación nos cursos

fluviais. Por outra parte, existe o risco de filtracións procedentes de fosas sépticas, numerosas no medio rural, el aqueles núcleos de poboación que non teñen rede de saneamento.

Non existen no concello fontes de contaminación acústica: non existen industrias produtoras de ruído e as vías de comunicación teñen carácter local, o que significa que o tráfico, identificado como a única fonte sónica presente neste concello, ten tamén carácter local.

As emisións á atmosfera procedentes dos residuos de plásticos agrícolas baséanse na práctica habitual do seu abandono ou incineración de xeito incontrolado, o que orixina un deterioro paisaxístico progresivo e acumulativo do contorno a causa da proliferación de puntos de abandono destes plásticos. Por outra parte, a incineración incontrolada produce emisións perigosas para o medio ambiente e a saúde humana. Destes compostos contaminantes compre destacar as dioxinas polo seu efectos para a saúde das persoas. Por iso, debe evitarse a toda costa esta práctica, mediante a ubicación de un punto de recollida de plásticos agrícolas.

Para a estimación dos GEI ocasionados polo transporte e os desprazamentos, que son o 48% dos totais emitidos á atmosfera. O calculo faise tomando como referencia o CO₂ como GEI con maior incidencia nesta área xeográfica, tendo en conta que o automóbil emite, de media, 2,5 Kg de CO₂ por litro de combustible consumido; que circulan perto de 850 automóviles ao día (extrapolación dos datos das estacións de aforo de tráfico da AC-400, tramo Cerceda-A Silva e a AC-413, tramo Ordes-A Silva; e sobre a estrada CP-8401), e unha media de 10 Km percorridos polo concello, calcúlase un consumo medio de 0,242 l/vehículo, ponderando o consumido por vehículos lixeiros e pesados. O resultado é unha estimación de 2,256 TM/día de CO₂ emitidos á atmosfera, cifra relativamente baixa, e que se debe á situación xeográfica de Tordoia, que fai que a maior parte do tráfico rodado ten carácter local.

Neste sentido, compre dicir que nun concello coma este, no que máis do 45% do territorio é forestal, a abundante vexetación arbórea actúa como sumidoiro do CO₂, tendo en conta que 1 Ha de bosque retén 6,25 TM/ano de CO₂.

En Tordoia non existen outras fontes de contaminación atmosférica que as descritas. As fontes de contaminación radioelétrica, procedentes fundamentalmente de antenas de telefonía celular cartográfanse, co obxecto de que a poboación coñeza a súa posición. Polo que fai ás infraestruturas de transporte de enerxía, nos núcleos rurais elimínanse todo tipo de trazado aéreo, mentres que o resto quedan clasificadas como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas. Ademais, non se permitirá a urbanización en zonas afectadas por liñas de alta tensión.

Xestión dos residuos

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Resérvanse espazos para a implantación de puntos de recollida de RSU, con facilidades para o reciclado dos diferentes tipos de residuos.

Polo que fai ao depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira, o Plan contemplará, mediante ordenanza, a ubicación de, ao menos, un punto por parroquia, como se indica tamén na variable "medio rural". Todo isto está recollido nos artigos 4.3.6., 4.3.7 e 4.3.8 da normativa.

Polo que fai á recollida do lixo, Tordoia está adherido a Sogama, e envía o RSU directamente a Cerceda, dada a proximidade entre ambos concellos. Non existe punto limpo, e 6 núcleos teñen recollida selectiva, mentres que 25 non teñen este servizo. Existen 408 colectores de lixo, o que representa 916 hab/colector. En Tordoia prodúcense (ano 2008) 791,8 TM de lixo, clasificado en 704,6 TM de recollida non selectiva, 20,9 TM de papel e cartón, 37,7 TM de envases e plásticos e 28,6 TM de vidro. Isto representa un total de 0,5206 Kg/Hab/ano.

Actividades económicas

O Plan xustifica razoablemente a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais de Tordoia, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas. Estes equipamentos e infraestruturas sitúanse no territorio segundo criterios de centralidade e de sustentabilidade, buscando o máis baixo nivel de necesidades de desprazamento dos usuarios e, consecuentemente, a máxima accesibilidade.

Vía ordenanza establécense os criterios de sustentabilidade en tódolos tipos de edificación no concello, segundo o seu uso ou actividade a desenvolver. (art. 5.3.6. Condicións de sustentabilidade do uso industrial).

Integración social

Prevense infraestruturas sociais para a poboación actual e a potencial segundo as previsións do Plan e se inclúe tamén a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño tanto das infraestruturas como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos, suficientes e ben comunicados. Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

O Plan contempla a participación da poboación no proceso de planificación urbanística e tamén se presenta, en forma de charlas para a poboación, en Pontepedra e en tódalas parroquias, resolvendo as dúbidas que poidan ter os interesados ou a poboación en xeral.

Dende o punto de vista social, en Tordoia non se identifican áreas degradadas nin bolsas de exclusión social nas que o Plan deba intervir.

Medio natural

Calquera dos espazos de interese natural do concello de Tordoia, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan. De acordo co anterior, están

protexidas as ribeiras dos ríos, as masas de vexetación natural e/ou autóctona, as masas forestais, os humedais, ou calquera outro ecosistema de interese, así como as súas áreas de transición. As diversas figuras de protección presentes no planeamento están de acordo coa lexislación sectorial vixente.

Así mesmo, establecen medidas de protección para áreas forestais afectadas por incendios segundo a lexislación vixente.

Establécense medidas de rexeneración dun sector afectado por actividades extractivas (Mina de Anxeriz).

Medio rural

O Plan protexe suficientemente os espazos de interese produtivo para o sector primario, con alternativas de ordenación

Polo que fai á ampliación dos núcleos rurais, a edificación farase a partir do núcleo orixinal, favorecendo a regularización, a compactación e o mantemento da configuración tipolóxica tradicional. Así mesmo, o Plan impide calquera tipo de afección negativa nestes núcleos, contribuíndo deste xeito a conservar e protexer a paisaxe rural tradicional e o alfoz destes núcleos. A tipoloxía das novas vivendas adaptarase á tradicional vía ordenanza.

No medio rural reservaranse, vía ordenanza, un espazo axeitado para o depósito e recollida de residuos da actividade agropecuaria.

A Memoria do PXOM demostra a suficiencia e eficiencia dos sistemas de depuración existentes e previstos segundo as previsións de crecemento do concello.

Paisaxe

O Plan contempla a recuperación da canteira de Anxeriz.

Polo que fai á paisaxe, o ISA inclúe unha análise da paisaxe e, dende o punto de vista da urbanización, considérase que esta producirá impactos neutros ou positivos: tanto no núcleo de Pontepedra como nos núcleos rurais, o Plan contempla accións de compactación, regularización e colmatación de espazos intersticiais, velando pola tipoloxía e evitando accións negativas.

Calquera outra actuación fora dos ámbitos citados farase tendo en conta a non afección ás características paisaxísticas ou, en todo caso, a máxima integración na paisaxe circundante.

Medio urbano

O Plan garante a accesibilidade ao núcleo de Pontepedra e contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

Patrimonio

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables. Polo que fai á rehabilitación, esta

corresponde á iniciativa privada, aínda que, vía ordenanza, esixírase aos propietarios o correcto mantemento dos edificios catalogados. (art. 2.2.9. O deber de conservación; art. 2.2.10. Contido do deber de conservación).

Poboación

O Plan ten valorado a estrutura demográfica de Tordoia á hora de planificar as infraestruturas e equipamentos de carácter social, pero non intervéñen na procura do equilibrio demográfico nin da súa distribución territorial.

Vivenda

O Plan contempla a vivenda colectiva exclusivamente no núcleo de Pontepedra, mentres que a unifamiliar resérvanse para eventuais construcións nos núcleos rurais. Tamén contempla a diversificación das tipoloxías residenciais, o emprego das ferramentas de xestión urbanística para facilitar o acceso á vivenda e o fomento da harmonía entre as novas construcións e as existentes no seu contorno.

Mobilidade

O Plan, como xa se ten dito, concentra os servizos e equipamentos públicos, e tamén privados, no núcleo de Pontepedra, favorecendo así a súa accesibilidade. O resto da poboación municipal, para ter a mesma accesibilidade, precisa de ter acceso á mobilidade, a través do transporte público ou privado. O transporte público, como é habitual no medio rural galego (e tamén en moitas áreas urbanas) presenta unha extraordinaria debilidade (excepción feita do sistema de transporte escolar). A consecuencia principal é que a poboación que ten necesidades de mobilidade opta polo desprazamento por medios privados, nun modelo de transporte claramente insostible polo custo que ten, pola contaminación atmosférica que produce e polo consumo de espazo que fai (aparcadoiros, ocupación das vías de comunicación, etc.).

Tordoia está adherido ao programa TES+BUS, que serve para aproveitar as rutas de transporte escolar, achegando á poboación rural á capital municipal.

Por outra parte, acadar un sistema viable de transporte público no medio rural é moi complicado, porque a iniciativa privada está ausente a causa da falla de rendibilidade das explotacións e porque as competencias para outorgar liñas de transporte non están nos concellos.

Ademais destas variables, o ISA inclúe unha serie de recomendacións para as variables non integradas no PXOM:

- Dende o concello deseñaranse plans para a extensión e mellora da rede de recollida de RSU e o fomento da separación de refugallos para a súa reciclaxe mediante campañas dirixidas á sensibilización da poboación. Así mesmo, o concello tratará de estender o

máximo posible a rede de saneamento co fin de ir eliminando o sistema de fosas sépticas que teñen na actualidade as vivendas illadas do ámbito rural.

- O concello contemplará accións de modernización e/ou mellora das explotacións agrogandeiras.
- O concello contemplará medidas de intervención na oferta de servizos de atención e ocio da terceira idade e a poboación infantil, da difusión da información sobre servizos que oferta o concello e o fomento da preservación da memoria histórica.
- O concello contemplará accións de intervención nos leitos fluviais (limpeza, mantemento e vixilancia), fomento da repoboación forestal e de mellora do medio natural.
- Dende o concello procurarase a axeitada posta en valor, difusión e accesibilidade do patrimonio natural e cultural de Tordoia.
- Dende o concello planificaranse medidas de mellora das condicións de vida das áreas rurais, favorecendo o acceso a tódolos servizos, equipamentos e, en xeral, a toda a oferta sociocultural que exista no concello.
- Proporase, vía ordenanza, a creación dun **órgano xestor** do polígono industrial de estrutura mista concello-empresas, que funcione co principio básico de fomentar políticas incentivadoras ou promotoras antes que penalizadoras, establecendo un código de conduta ambiental:

Integración do plan da acción da Axenda 21 Local da Mancomunidade de Ordes.

A Mancomunidade de Ordes, entidade supramunicipal á que pertence o concello de Tordoia, ten implementada unha Axenda 21 Local, e tanto o Plan Xeral como o ISA integran os resultados das liñas estratéxicas do Plan de Acción da citada Axenda 21.

Canto á incidencia ambiental do planeamento, describíense os seguintes impactos:

As principais alteracións ou impactos potenciais nas variables de sustentabilidade derivadas da implementación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tordoia, e tendo en conta a natureza do concello, as características do PXOM e a intensidade e alcance das accións previstas polo PXOM, produciranse nas eventuais fases de urbanización (obras), impactos que desaparecerán ao finalizar as obras. Con posterioridade á fase de obras, os impactos previstos non difiren substancialmente dos rexistrados na actualidade (alternativa 0) porque non se esperan movementos significativos da poboación nin cambios de actividade importantes. En calquera caso, os impactos esperados son de escasa intensidade dado o pequeno tamaño das actuacións a levar a cabo. Por outra parte, os impactos derivados do desenvolvemento das actividades económicas preexistentes non son competencia do PXOM.

Os solos poden sufrir impactos moderados ou baixos, polo seu consumo directo ou por cambio de usos, por alteración da súa estrutura e composición e perda de solo por erosión (nas fases de obras).

En caso de obras, nas augas e os seus dominios naturais poden, eventualmente, producirse impactos por invasión dos cauces, polo verquido de efluentes sen depurar ou calquera outra substancia contaminante, pola alteración da calidade das augas superficiais ou subterráneas e pola sobreexplotación de acuíferos. Existe risco de contaminación de augas superficiais ou subterráneas por filtración de fosas sépticas. No desenvolvemento e implementación do PXOM non se identifica ningunha acción que teña incidencia directa sobre as augas superficiais ou subterráneas.

Producirase tamén un aumento no consumo enerxético municipal, a causa da extensión do alumeadado público nos novos viais e nas novas estacións depuradoras. Este impacto é negativo e moderado, de moi baixa intensidade, a causa do baixo incremento do viario e pola introdución de sistemas de aforro enerxético no alumeadado público..

En Tordoia, como xa se ten posto de manifesto, as únicas fontes de contaminación dignas de ter en conta son as procedentes da actividade agrogandeira, e estas fontes poden concretarse nos xurros e nos residuos plásticos do empacado de herba. Estas dúas fontes, pola súa incidencia directa no medioambiente e na paisaxe describíense máis detalladamente no apartado 6.1 deste documento.

Mención aparte merece a contaminación radioelétrica: no concello non existen licencias para a instalación de antenas de telefonía celular, sen embargo, un simple percorrido polas inmediacións do núcleo de Pontepedra revela a existencia dunha antena, no núcleo de Cabaleiros, concretamente en N43°04.90 W08°33.10, e que, por estar situada nun outeiro, é visible dende toda a coroa que circunda o núcleo de Pontepedra. En definitiva, trátase dunha soa antena, de baixa potencia que, caso de afectar á poboación, afectaría ás vivendas situadas nas súas proximidades.

Aumentará moderadamente a produción de residuos, principalmente os de tipo industrial, xa que non se prevé un aumento significativo da poboación.

Non se identifican impactos negativos no eido das actividades económicas, e si de tipo positivo, ao ordenar o Plan a axeitada distribución dos servizos e equipamentos e os dedicados á propia actividade económica e industrial. Por outra parte, a actividade gandeira verase beneficiada pola ubicación de puntos de depósito e recollida dos residuos desta actividade.

Dende o punto de vista social, non se detectan impactos negativos, e sí positivos, ao reforzar o Plan o sistema-rede de infraestruturas públicas do concello.

O medio natural non se verá afectado pola implantación do plan, porque tódolos espazos naturais do concello, así como as súas áreas de transición, están protexidas, ben por figuras de xerarquía superior ou ben polo propio Plan.

No medio rural tampouco se identifican impactos negativos. Pola contra, o Plan establece medidas de protección, compactación e mantemento da compoñente tradicional (na edificación e na ordenación do espazo), o tempo que se protexe o alfoz destes núcleos, reservándose espazo para actividades produtivas nos núcleos rurais.

Na paisaxe, a maior parte dos impactos que se prevén son positivos, e tamén están derivados da urbanización, por canto contribuirán a mellorar a paisaxe urbana e a dos núcleos rurais, mantendo ou mellorando o seu carácter tradicional. Prevense tamén accións de recuperación de espazos dedicados a actividades extractivas.

Tamén no medio urbano prodúcense impactos positivos, orientándose o Plan á colmatación dos espazos vacantes e a consolidación do tecido urbano, sen que se produzan consumos inxustificables de solo. Por outra parte, ao concentrar os servizos e equipamentos municipais no núcleo urbano, facilítase a accesibilidade á poboación do concello. Ademais, a previsión de futuras dotacións faise de acordo coa estrutura demográfica actual e futura.

Pola súa parte, o patrimonio de Tordoia está suficientemente catalogado e protexido, é non se identifica ningún tipo de impacto. Este patrimonio é susceptible de recibir accións positivas de posta en valor, o que, xunto ao seu valor natural, reforzaría á posición de Tordoia en circuitos turísticos de baixa intensidade, contribuíndo á, entre outras cousas, a diversificación económica do concello.

Asemade, o ISA propón unha serie de medidas correctoras dos impactos identificados:

Como xa se ten dito en varias oportunidades neste documento, os impactos máis importantes que se preven no desenvolvemento e aplicación do PXOM de Tordoia procederán da propia urbanización, nas eventuais fase de obras, impactos que son puntuais, non concentrados no tempo e que cesarán ao finalizar as obras. Son de escasa magnitude e importancia dado o pequeno tamaño das actuacións, o escaso consumo de solo e o mínimo cambio de uso deste, reducíndose a pequenas bolsas de solo urbanizable. Por outra parte, e dado o modelo centralizado que persegue o Plan, tampouco se contemplan actuacións de construción de viais, senón que se aproveita e adecúa o preexistente.

Posteriormente, ao finalizar as obras, os impactos derivados dos potenciais incrementos de poboación a causa das novas capacidades (maior necesidade de abastecemento de auga, maior necesidade de saneamento, maior volume de produción de RSU e residuos industriais, necesidade de novos equipamentos e servizos, incremento nas necesidades de mobilidade e

creación de emprego) están suficientemente contempladas e previstas polo Plan, e, en todo caso e no horizonte de vixencia do propio Plan, serán de escasa entidade e magnitude.

Dende o punto de vista da naturalidade, non se afectan espazos protexidos ou de valor natural ou paisaxístico, e as eventuais afeccións poden derivarse das fases construtivas, restaurándose a naturalidade ao finalizar as obras.

As medidas correctoras ou preventivas a adoptar serán as seguintes:

- En caso de efectuarse obras, reconstruírase sempre a topografía orixinal, traballando dende o punto de vista orográfico no sentido das curvas de nivel.
- Non se alterará a cobertera edáfica e se protexerá ao máximo en aqueles lugares onde se desenvolvan obras. A protección do solo é fundamental dado o seu poder depurador a través da súa capacidade filtrante, actividade biodegradante, retención de anións e retención de catións. Este punto é especialmente importante xa que logo se ten identificado a produción de xurros como a principal fonte de contaminación en Tordoia.
- A cuberta vexetal que se vexa alterada reconstruírase na medida do posible mediante solucións de revexetación ou reposición das especies alteradas. As zonas verdes deseñaranse do xeito máis natural posible, alterando a mínima fracción posible. Polo que fai ás zonas verdes dos ríos situados no espazo urbano, respectarase a totalidade da vexetación ripícola e se manterá a máxima naturalidade.
- En calquera fase de obras nas que se empregue maquinaria pesada, evitarase a compactación do terreo, a invasión de áreas naturais ou patrimoniais, os vertidos de calquera tipo procedente das máquinas e as invasións de cauces fluviais. Tamén se impedirán aportacións de materiais alóctonos destinados a recheos e, en xeral, impedirase calquera alteración das cualidades medioambientais do contorno.
- Evitarase a dispersión indiscriminada de xurros e os vertidos debidos dunha mala práctica no seu almacenaxe.
- O viario (novo ou o acondicionado) farase do xeito máis permeable posible, deixando as solucións de viario impermeable estritamente para as zonas rodadas. O cicho hídrico nas vías respectarase mediante unha rede de recollida de pluviais.
- O alumeadado público do concello deseñarase tendo en conta as medidas de contaminación lumínica, dotando ás luminarias de pantallas protectoras axeitadas e conforme á lexislación vixente. Así mesmo, contemplaranse medidas de aforro e eficiencia enerxética onde sexa posible.
- Estableceranse as garantías necesarias para o depósito dos materiais sobrantes de escavacións, construcións ou calquera outra fonte de residuos da construción en vertedoiros autorizados e en aqueles lugares que garantan o seu correcto reciclado. Posteriormente á

fase de obras, estableceranse as garantías necesarias, vía ordenanza municipal, para evitar verquidos, indicando as características destes e os niveis máximos permitidos, co fin de protexer axeitadamente os cursos fluviais de Tordoia de vertidos líquidos.

- Reservarase un espazo para situar un punto limpo e centro de clasificación de residuos urbanos e industriais reciclables. Este punto limpo terá a dimensión suficiente e conexión co viario. Tamén reservarase un espazo para o depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira (principalmente, plásticos do ensilado de forraxes), evitando a súa dispersión polo territorio e impedindo, vía ordenanza, a incineración destes residuos.
- A infraestrutura de subministración eléctrica estará baixo terra be convenientemente illada, así como as subestacións e transformadores, co fin de evitar a contaminación electromagnética. Por outra parte, en Tordoia identifícase, alomenos, unha antena de telefonía celular na parroquia de Cabaleiros, da que non se coñece a potencia de emisión nin a súa cobertura de radiofrecuencia.
- A subministración de auga potable e a rede de saneamento (sistemas de nova execución) garantirá o correcto abastecemento e evacuación para a súa carga máxima prevista.

3.2. Seguimento da actuación

O ISA recolle o sistema de indicadores proposto polo Documento de referencia, sistema deseñado para avaliar o cumprimento dos obxectivos ambientais. A partir do sistema de indicadores deséñase o plan de seguimento.

O sistema de indicadores e o plan de seguimento descríbense por extenso no anexo número 1 da presente memoria.

4. CONCLUSIÓNS E SINTESE FINAL SOBRE A INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS NO PLAN

1. O proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica axustouse aos requisitos esixidos pola Lei 9/2006 do 28 de abril.
2. Os obxectivos expostos no planeamento son coherentes cos condicionantes resultantes da análise de partida e cos criterios establecidos no Documento de Referencia.

ANEXO 1: SISTEMA DE INDICADORES E PLAN DE SEGUIMIENTO

Sistema de indicadores:

INDICADORES DE PLANEAMENTO				1
variable	indicador	cráterios de medición	cálculo / valor	
consumo de solo	superficie de solo edificable / hab	Σ solo total clasificado edificable (urb+urbaniz+n. rural) / n° hab	urb+urbaniz+n. rural = 623,18 Ha 0,13 Ha / hab; 1.300 m ² /hab	
	solo artificializado (antes do Plan) / solo clasificado (despois do plan)	Σ novo solo clasif. edificable / Σ solo total clasif. edificable (urb+urbaniz+n. rural)	antes: 231,0 Ha despois: 623,18 Ha	
	intensidade de uso (viviendas / Ha)	núm. viviendas (existentes ou previstas) / solo artificializado (actual ou clasif.)	3.826 viv. totais / 623,18 Ha: 6,2 1.541 viv. existentes / 231,0 Ha: 6,6	
	distrib. dos novos desenvolvementos planificados	% segundo situación previa do solo	% solo urbaniz./solo resid: 5,36 % solo urbaniz./solo urb: 178,0 % solo urbaniz./nuc. rural: 5,9	
	edificación horizontal e vertical	Σ sup. edif. ≤ 1 altura e ≥ 2 alturas	edific. horizontal: 519.369 m ²	
	compactidade da edificación	vol. edificado / unid. superf. urbana e núcleo rural	0,43 m ³ /m ²	
	variación do padrón nos últimos 25 anos			
xestión de residuos	Previsión de espazos para tratamento de refugallos	superficie prevista de espazos para tratamentos de residuos (antes e despois do plan)	antes do plan: 0 esp. despois do plan: 1 esp. (1.710 m ²) prevese por normativa 1 pto. de recollida de resid. agrícolas por parroquia	
actividades económicas	Sup. do solo para actvs. económicas previsto no PXOM e % segundo a situación previa do solo (virxe ou xa artificializado)	Ha e %	25,5 Ha virxe: 12,2 Ha artific.: 13,3 Ha	
medio natural	sup. de solo rústico e urbano desglosada en tipos de figs. de protección que figuran na Rede Galega de Espazos Protexidos (Lei 9/2001 e Decreto 72/2004)		Protecc. Esp. Naturais: 139,64 Ha Protecc. paisaxística: 80,76 Ha 1,8 % do total	
	sup. de solo rústico e urbano do concello protexida polos seus valores culturais		Protecc. patrim. arquitec.: 1,3 Ha Protecc. patrim. Arqueol.: 14,3 Ha TOTAL: 15,6 Ha	
	norm. específica que regula a protección dos valores sinalados nos dous indicadores anteriores		- Lei 8/1995 - Lei 10/1995 - Ley 9/2006 - Lei 9/2002 - Orde 9/2003 - Lei 15/2004 de modif. da Lei 9/2002 - Lei 9/2006 - Lei 5/2006 - Lei 6/2007 - Lei 8/2007	
medio rural	núm. de núcleos de poboación		138 (1,1 ent / Km ²) (ano 2006)	
medio urbano	sup. de zonas verdes, servizos básicos e equip. en relación á poboación (antes e despois do plan)	m ² / hab	antes: 18,4 m ² / hab despois: 44,6 m ² / hab	
	accesibilidade ás zonas verdes, servizos básicos e equip. (antes e despois do plan)	hab ou viv. en área de influencia < 300 m, < 500 m	<300 m: antes: 46% / despois: 51% <500m: antes: 63% / despois: 65% (concentración dos servizos no núcleo urbano)	

INDICADORES DE PLANEAMENTO				2
variable	indicador	cráterios de medición	cálculo / valor	
movilidade sustentable	distrib. modal do espazo público	% de ocup. do espazo público polo vehículo privado, transporte público, peón, bicicleta respecto o total (antes e despois do plan)		O desenvolvemento do Plan non se define ao nivel de detalle suficiente para concretar os indicadores sobre mobilidade sustentable
	itinerarios peonís preferentes	lonxitude total (antes e despois do plan)		
	vías de coexistencia	lonxitude total (antes e despois do plan)		
	itinerarios ciclistas	lonxitude total (antes e despois do plan)		
	itinerarios reservados ó transporte público	lonxitude total (antes e despois do plan)		
vivienda	núm. total de novas viviendas previstas no plan	núm. de viviendas	3.826 - 1.541: 2.285 viviendas.	
	núm. total de novas viviendas previstas no plan con algún tipo de protección	núm. de viviendas e % sobre o total de novas viviendas	80 / 2.285 viviendas : 3,5%	
	distrib. da novas viviendas planificadas	% de novas viviendas en solo virxe e en solo artificializado	1.008 vivs. novas en solo virxe 2.285 - 1.008: 1.277 vivs en solo artific.	
	densidade residencial global	viv. / Ha (antes e despois do plan)	antes: 1.541 /sup. do concello: 0,12 viv/Ha desp: 3.826 /sup. do concello: 0,31 viv/Ha	

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				3
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
consumo de solo	solo artificializado	evolución real tras o plan	antes: 231,0 Ha / desp.: 623,18 Ha	
	recuperación de solos en desuso	ha	4,3 Ha (canteira)	
	solos en desuso	ha	20,2 Ha	
	densidade de poboación	hab / ha de solo artificializado	4.467 hab / 623,18 ha : 7,16 hab/Ha	
	patrimonio municipal ou público de solo	ha	equipamentos: 6,7 Ha zonas verdes: 1,5 Ha viario: non hai datos	
	superficie de solos contaminados	ha	0 Ha	
ciclo hídrico	demanda total municip. de auga	m ³ / ano	4.467 hab/180 l/hab/día: 803,9 m ³	
	consumo doméstico de auga	lt / hab / día	180 lt / hab / día	
	distribución da demanda	% doméstico, industrial, servizos	non hai datos municipais	
	perdidas na rede de abastecemento	% sobre o total	non hai datos municipais	
	viv. con rede de abastecemento de auga	% sobre o total	45,2 %	
	viv. con rede de saneamento e conectadas a EDAR	% sobre o total	áreas urbanas (Pontapedra): 100 % áreas rurais: 0 %	
	rede de saneamento separativa co respecto ó total	%	0 %	
	% de auga reutilizada	%	0 %	
	calidade da auga dos ríos e diversidade biolóxica		non existen fontes de contaminación industrial	
	consumo total electricidade e gas natural	Ktep / ano	1,12 tep / ano / fogar (1,73 Ktep / ano)	
enerxía	distribución do consumo	% doméstico, industrial, servizos	non existen datos	
	núm. de edfs. con certificación enerxética		0 %	
	vivendas con instalacións solares	% sobre o total	0 %	
	enerxías renovables no consumo municipal	% sobre o total	o 100% da enerxía procede la rede eléctrica. A porcentaxe de enerxías renovables é indeterminada	
emisións de contaminantes	calidade do aire urbano	núm. días de boa calidade ou % de pob. exposta a niveis elevados dos distintos contaminantes	En Tordoia non existen fontes de contaminación atmosférica	
	% de pob. exposta a niveis sonoros superiores ós recomendados pola OMS		0 % (non existen fontes de contaminación sonora)	
	núm. de antenas / instalacións de telef. celular no concello		0 antenas con licencia	
	xeración de residuos urbanos	Kg / hab / ano	332,15 Kg / hab / ano; 1.483 Tm / ano	
xestión de residuos	distrib. da xestión dos RSU (vertedoiro, incinerac., reutilización ou reciclaxe)		existe recollida selectiva na maior parte dos núcleos	
	xeración de residuos perigosos	Tm / ano	0 Tm	
	distrib. na xestión dos residuos perigosos (valorización ou eliminación)		non existen residuos perigosos	
	reutilización dos materiais de construción	%	0 %	
	recollida selectiva	%	85 % do término municipal	

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				4
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
actividades económicas	evolución do solo para as actividades económicas	evolución real tras o plan (Ha e %)	o solo para as actv. económicas aumenta en 25,2 Ha. (100 %)	
	familias que perciben a prestación de rendas básicas		RISGA: 0 familias (2006) AES: 1 beneficiarios (2005) Pens. non contrib.: 155 benef. (2006)	
integración social	taxa de desemprego		6,7 % (2001)	
	actividades realizadas para fomentar a participación pública no planeamento		exposición do PXOM nas parroquias do concello	
	satisfacción da cidadanía co concello		o nivel de satisfacción é bo	
medio natural	evolución do solo protexido		nas NNSSMM: 0 ha no PXOM: 139,64+80,76 = 220,40 ha	
	grao de diversidade faunística	superf. especies autóctonas / superf. esp. alóctonas	non se detectan especies alóctonas no territorio municipal	
	índice de corredor verde	% superf. de bosque de ribeira / superf. total do concello	0,85 % do total	
	grao de mantemento de cultivos e pasterías	% superf. de cultivos e pasterías / superf. total do concello	35,4 %	
	pob. municipal que vive no medio rural	% con respecto ao total do concello	pob. urbana: 473 hab (10,6 %) pob. rural: 3.994 hab (89,4 %)	
medio rural	grao de conexión de núcleo rural	% superf. de circunscrición de núcleo (solo núcleo rural + solo agrícola tradicional / superf. total do concello)	total concello: 12.450 Ha total rural: 4.581 Ha 36,6 %	
	índice de biodiversidade		ver o apartado 4.7 e ss. do ISA	
medio urbano	núm. de especies de fauna urbana		non existe fauna urbana destacable máis aló da doméstica	
	densidade de poboación en medio urbano	hab solo urbano / superf. solo urbano	473 hab para 15,38 ha	
	liñas subterráneas de infraestruturas e servizos	%	non existen datos	

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				5
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
rehabilitación e renovación urbana	licencias para rehabilitación de edfs. e vivendas	núm.	2 licencias / ano	
	entidades colaboradoras para o mantemento e conservación constituídas no concello	núm.	0 (non existen)	
	calidade do inmoble	% edfs. tradicionais sobre o total	46 % sobre o total das edificacións	
movilidade sustentable	evolución dos indicadores de planeamento dedicados á mobilidade sustentable tras o plan	% e lonxitude total		
	desprazamentos da poboación	despl. / hab. / día		
	distancia media por habitante	Km / hab / día		Nun concello das características de Tordoia, os indicadores sobre mobilidade sustentable non son de aplicación por falla de estacións de aforo de tráfico e pola debilidade do transporte público
	distrib. dos desprazamentos por modos	% transporte público, vehículo privado e outros		
	núm. de viaxeiros que empregan o transporte público			
	% de desprazamentos dentro do concello	%		
	intensidade de tráfico nas estradas que atravesan o concello	núm. de vehículos / día	non existen estacións de aforo nas estradas da zona	
vivenda	demanda de vivenda protexida	núm. de vivendas	non existen datos	
	prezo medio da vivenda en relación á renda media dispoñible		non existen datos suficientemente contrastados	
	vivendas baldeiras	%	10,25 % (158 vivendas).	
	vivendas en ruínas		5,9 % (91 vivendas).	
outros	índice de envellecemento da poboación municipal	relación entre a pob. >64 anos e a pob. <20 anos	245,5 (ano 2006) (IGE)	
	renda dispoñible bruta	€ / hab	7.279 € / hab (ano 2002) (IGE)	

Plan de seguimento:

A Lei 9/2006 de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente sinala, no seu artigo 15, a necesidade de que os órganos promotores leven a cabo un seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución dos plans e programas, así como para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas axeitadas para evitalos.

O seguimento e control dos impactos producidos nas novas áreas industriais propostas no Plan será responsabilidade do órgano xestor destas áreas, e informará ao concello como órgano promotor, mentres que o control do resto dos indicadores que figuran no plan de seguimento corresponderá ao órgano promotor do Plan, informando ao órgano ambiental de calquera desviación que se produza.

Os criterios ambientais estratéxicos e os indicadores dos obxectivos ambientais están expostos e desenvolvidos no punto 5 do presente informe. Seguindo a batería de indicadores que figura no punto anterior e os impactos identificados e/ou previstos nas diferentes fases da implantación do PXOM, elabórase o seguinte plan de seguimento, de acordo co indicado na citada Lei 9/2006 e co indicado no Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Tordoia:

PROGRAMA DE SEGUIMENTO			
variable	impacto potencial	método de control	duración e frecuencia
consumo de solo	Edificación fora das áreas delimitadas polo Plan.	As licencias que se concedan respectarán rigorosamente o ámbito delimitado	Cada vez que se emita licenza municipal
ciclo hídrico	Alteracións da calidade das augas superficiais e subterráneas (mananciais). Manter limpos os colectores para augas pluviais para evitar asulagamentos e/ou contaminación das augas e os leitos fluviais.	Vixilancia directa e análises de parámetros físico-químicos da auga. Velarase pola calidade da auga da ETAP e pola inocuidade dos vertidos da EDAR	Mensual
enerxía	Consumo enerxético na iluminación pública Contaminación lumínica	Vixiarase que a dotación e substitución das lámpadas farase con dispositivos de baixo consumo. Vixiarase que as pantallas sexán conformes á normativa sobre contaminación lumínica e, cando proceda, serán substituídas por outras iguais	Cando sexa preciso
xestión de residuos	Xeración de residuos urbanos, industriais e da actividade agrogandeira.	Establecemento de pautas de separación dos refugallo e de reciclaxe. Vixiar que non se depositen refugallo de calquera tipo máis aló dos puntos destinados a ese fin. (punto limpo e espazos de depósito de plásticos da actividade gandeira)	Mensual

variable	impacto potencial	método de control	duración e frecuencia
medio natural	Alteración da naturalidade do medio. Afeccións en zonas protexidas	Vixiarase calquera acción que poida afectar ao medio natural en calquera das súas formas. Impedirase calquera acción que se leve a cabo en zonas protexidas, calquera que sea a súa figura de protección	Mensual
medio rural	Edificación fora das áreas delimitadas para a ampliación dos núcleos rurais. Non respectar a tipoloxía tradicional dos núcleos rurais Invasión ou afeccións ao alfoz dos núcleos que supoña perda do seu valor para a actividade agrícola	Control das licencias e proxectos de edificación ou calquera actividade a levar a cabo nestes núcleos.	Cando se soliciten licencias
medio urbano	Colmatación dos espazos intersticiais baleiros (impacto positivo)	Contemplarase a preferencia de proxectos que se situen en espazos baleiros da trama urbana de Pontepedra	Cando se soliciten licencias

variable	impacto potencial	método de control	duración e frecuencia
rehabilitación e renovación urbana	Renovación da paisaxe urbana (Pontepedra). Impacto positivo	Primaranse os proxectos de rehabilitación de vivendas no medio urbano fronte as edificacións de nova planta	

Ademais do indicado nos cadros anteriores, terase en conta calquera desviación significativa dos valores indicados nos cadros de indicadores de seguimento e control (cadros 3, 4 e 5).

Máis concretamente, controlaranse, por parte do órgano xestor do polígono, os seguintes aspectos:

- Calidade do aire (fase de obras): impactos provocados pola maquinaria de obra e o tráfico de vehículos pesados
- Ruído e vibracións (fase de obras): procedente do tráfico pesado
- Calidade da auga: escorrentía superficial
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras e de funcionamento
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento
- Integración social: verificación do estado da integración social do proxecto fronte a persoas discapacitadas

Variables a ser medidas:

- Calidade do aire (fase de obras): niveis de inmición e emisión para as seguintes variables: CO e CO₂
- Ruído e vibracións (fase de obras e explotación): procedente do tráfico pesado e da actividade industrial
- Calidade da auga: escorrentía superficial. Conductividade eléctrica do rego augas arriba e abaixo do ámbito
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento. As variables a contemplar son: superficie revexetada e número de árbores introducidos nas zonas verdes.
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras. As variables a contemplar son: volume de residuos industriais e o seu destino. Residuos de envases e embalaxes, residuos inertes, residuos perigosos. Na fase de funcionamento serán as empresas instaladas no polígono as que, segundo a súa licenza de actividade, controlen este parámetro, verificándose o seu cumprimento polo órgano xestor.
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento.
- Integración social: as variables a seguir son: número de prazas de aparcamento dedicadas a persoas discapacitadas, a súa ubicación estratéxica e o seu uso; e detección e eliminación de barreiras arquitectónicas na urbanización, na edificación para uso industrial e na accesibilidade ás áreas públicas.

- Cianuros: 0,5 mg/l
- Arsenicos (As): 0,2 mg/l
- Cádmi (Cd): 0,1 mg/l
- Cromo (Cr³⁺): 2 mg/l
- Cromo (Cr⁶⁺): 0,5 mg/l
- Ferro (Fe): 10 mg/l
- Mercurio (Hg): 0,01 mg/l
- Chumbo (Pb): 0,5 mg/l
- Niquel (Ni): 2 mg/l
- Cobre (Cu): 1 mg/l
- Aceites e graxas: 100 mg/l
- Hidrocarburos: 20 mg/l
- Fenois: 1 mg/l
- Cloro activo: 3 mg/l

Control dos vertidos á rede de saneamento

Analizaranse os vertidos que, desde as áreas industriais ou residenciais se dirixen á rede de saneamento. A análise será semestral, e farase a partir dunha mostra integral representativa de funcionamento en 24 horas, e sobre ela determinaranse os parámetros que establece a lexislación vixente.

A continuación se relacionan os niveis máximos indicativos a respectar:

- Temperatura: 35°C
- PH: 6,5 – 9,5
- Materias en suspensión: 250 mg/l
- DBO₅: 500 mg/l
- N (Kjeldahl): 10 mg/l
- DQO: 1.500 mg/l
- Fluoruros (en F): 10 mg/l
- Sulfuros (en SO₂): 1 mg/l
- Sulfatos (en SO₃): 400 mg/l

ANEXO 2: INFORMES SECTORIAIS

RESUMO DOS INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS DURANTE O PERÍODO TRAMITACIÓN DO PXOM

Tipo de documento	Observacións	Organismo	Tipo de Documento	Data	Resumo	Modificacións adoptadas
AUDIENCIA		CONCELLO DE CARBALLO				
AUDIENCIA		CONCELLO DE CORISTANCO				
AUDIENCIA		CONCELLO DE SANTA COMBA				
AUDIENCIA		CONCELLO DE VAL DO DUBRA				
AUDIENCIA		CONCELLO DE TRAZO				
AUDIENCIA		CONCELLO DE OROSO				
AUDIENCIA		CONCELLO DE ORDES				
AUDIENCIA		CONCELLO DE CERCEDA				
INFORME SECTORIAL		MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA. SECRETARIA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIÓN	INFORME SECTORIAL	19/06/2008	Infórmase favorablemente coa condición de introducir modificacións na normativa	Procede introducir as modificacións indicadas na normativa
INFORME SECTORIAL		MINISTERIO DE DEFENSA	INFORME SECTORIAL	05/12/2012	Infórmase favorablemente	
INFORME SECTORIAL		DIRECCIÓN XERAL DE AVIACIÓN CIVIL. MINISTERIO DE FOMENTO	INFORME SECTORIAL	08/06/2009	Infórmase o PXOM desfavorablemente indicando as seguintes cuestións: 1.- Solicítase a inclusión no PXOM da normativa de aplicación. 2.- Solicítase a inclusión das servidumes aeronáuticas e a súa afección ó territorio, condicionando as diferentes actuacións que se propoñen no PXOM	1.- Inclúese a normativa de aplicación no apartado correspondente da memoria. 2.- Inclúense as servidumes aeronáuticas e a normativa relacionada con elas nos artigos correspondentes do PXOM
INFORME SECTORIAL	2º informe	DIRECCIÓN XERAL DE AVIACIÓN CIVIL. MINISTERIO DE FOMENTO	INFORME SECTORIAL	10/01/2013	1.- Solicítase a inclusión no PXOM da normativa de aplicación. 2.- Solicítase a inclusión das servidumes aeronáuticas actualizadas e con carácter normativo, posto que o PXOM as inclúe con carácter informativo. 3.- Solicítase incluír as disposicións normativas que figuran no informe.	1.- Inclúese a normativa de aplicación no apartado correspondente da memoria. 2.- Inclúense os planos de servidumes aeronáuticas con carácter normativo 3.- Inclúense as disposicións normativas que figuran no informe.
INFORME SECTORIAL		DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. SERVIZO DE VÍAS E OBRAS	INFORME SECTORIAL	01/02/2013	Infórmase favorablemente o documento presentado condicionado á inclusión dunhas cuestións normativa no PXOM	Inclúense as cuestións normativas que figuran no informe.
INFORME SECTORIAL	2º informe	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. SERVIZO DE VÍAS E OBRAS	INFORME SECTORIAL	10/10/2013	Infórmase favorablemente o documento presentado condicionado á inclusión dunhas cuestións normativa no PXOM	Inclúense as cuestións normativas que figuran no informe.
INFORME SECTORIAL		DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS. CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES	INFORME SECTORIAL	01/09/2008	Infórmase desfavorablemente indicando a necesidade de realizar as seguintes modificacións no documento de tramitación: 1.- Recoller a estrada AC-413 na documentación do PXOM. 2.- Recoller como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos vinculados á estrada AC-413. 3.- Darlle prevalencia ó solo rústico de protección de infraestruturas sobre as áreas de expansión dos núcleos rurais de Baldaio, Casal, Castiñeiro, Ambroa, Altiboa, A Torre, O Rapadoiro, Pedrasalgueira, O Empalme e A Tablilla eliminado desa delimitación certas parcelas dos núcleos de Castiñeiro e Ambroa. 4.- Deberá especificarse na normativa que para este núcleos prohibense os novos accesos directos á estrada autonómica, e no núcleo da Tablilla deberá aumentarse o ancho entre aliñacións. 5.- Especificarase nos solos urbanizables S-03, S-04 e S-05 a necesidade de coordinar os enlaces destes solos.	1 e 2.- Recóllese a estrada AC-413, tanto nos planos de información como nos de clasificación coa súa correspondente clasificación. 3.- Modifícase a delimitación dos núcleos rurais mencionados dando prevalencia ó solo rústico de protección de infraestruturas ou reducindo parcelas da delimitación das áreas de expansión. 4.- Modifícanse as aliñacións na Tablilla e modifícase a normativa segundo o disposto. 5.- Realízanse as modificacións pertinente para a coordinación na execución dos solos urbanizables S-03, S-04 e S-05, minimizando os accesos á estrada autonómica.
INFORME SECTORIAL	2º informe	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	INFORME SECTORIAL	06/02/2013	Infórmase favorablemente coa condición de realización das seguintes modificacións: 1.- Redución de determinadas parcelas dos núcleos do Casal, Ambroa, Pedrasalgueira e a Tablilla. 2.- Introducir condicións de accesos ó desenvolvemento do sector S-05	1.- Redúcense os núcleos mencionados na parcelas indicadas. 2.- Introdúcense limitacións de accesos nas condicións de desenvolvemento do sector S-05.
INFORME SECTORIAL		DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	INFORME SECTORIAL	15/02/2013	Infórmase favorablemente.	
INFORME SECTORIAL		DIRECCIÓN XERAL DE MONTES. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	INFORME SECTORIAL	03/12/2012	Infórmase favorablemente.	
INFORME SECTORIAL		DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL. CONSELLERÍA DE CULTURA	INFORME SECTORIAL	06/08/2008	Infórmase desfavorablemente indicando a necesidade de realizar as seguintes modificacións no documento de tramitación: 1.- Recoller no catálogo una serie de elementos indicados no informe así como outros que puideran aparecer. 2.- Tomar medidas oportunas no desenvolvemento do solo urbanizable S-01 de cara á protección do elemento catalogado próximo. 3.- Introducir modificación na normativa xeral e na de protección do patrimonio especificamente. 4.- Indícase a necesidade de realización dunha prospección arqueolóxica para todo o concello. 5.- Indícase a necesidade de modificar a normativa no que á protección do patrimonio arqueolóxico se refire.	1.- Recóllese no catálogo os elementos indicados no informe e outros de novo achado a raíz dun novo traballo de campo. 2.- Revisase a ficha de desenvolvemento do sector S-01 en relación co elemento catalogado. 3.- Modifícase a normativa segundo o indicado no informe. 4.- Realízase unha prospección arqueolóxica para todo o concello. 5.- Modifícase a normativa no que ó patrimonio arqueolóxico se refire.

INFORME SECTORIAL	2º informe	CONSELLERÍA DE CULTURA. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	INFORME SECTORIAL	15/07/2013	<p>Infórmase desfavorablemente indicando a necesidade de realizar as seguintes modificacións no documento de tramitación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Recoller os hórreos coa condición de BIC. 2.- Recoller dous hórreos e unha vivenda tradicional en Pontepedra. 3.- Realizar un novo traballo de campo na procura de novos elementos para incluír no catálogo. 4.- Modificar o contido das fichas dos elementos catalogados de cara a completar a información que conteñen. 5.- Modificar o ámbito de protección de varios elementos tanto do catálogo arquitectónico como arqueolóxico. 6.- Modificar as aliñacións previstas para non afectar ós elementos catalogados. 7.- Modificar a normativa, tanto xeral como de protección de patrimonio. 8.- Modificar a ordenación prevista para o sector de solo urbanizable S-01. 9.- Modificar as ordenanzas de aplicación ós núcleos rurais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Realizado novo traballo de campo non se atoparon novos hórreos coa consideración de BIC 2.- Os hórreos de Pontepedra non teñen carácter tradicional e foron reubicados ata a súa posición actual. A vivenda tradicional foi reformada integralmente, con desprazamento de parte dos seus muros por mor das obras na estrada. Tendo en conta estas cuestión non procedeu a súa catalogación. 3.- Como resultado do novo traballo de campo non se atoparon máis elementos a incluír no catálogo. 4.- Modifícase o contido das fichas segundo o indicado no informe. 5.- Modifícase o ámbito de protección dos elementos indicados no informe. 6.- Modifícanse as aliñacións para non afectar a ningún elemento catalogado. 7.- Modifícase a normativa. 8.- Modifícase a ordenación do sector S-01. 9.- Modifícanse as ordenanzas de núcleos rurais.
INFORME SECTORIAL	3º informe	CONSELLERÍA DE CULTURA. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	INFORME SECTORIAL	20/03/2014	<p>Infórmase desfavorablemente indicando a necesidade de realizar as seguintes modificacións no documento de tramitación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Modificar o contido das fichas no referente á consideración como BIC de determinados elementos. 2.- Recoller no catálogo os dous hórreos e a edificación tradicional de Pontepedra. 3.- Realizar pequenas puntualizacións no contido das fichas 4.- Corrixir determinados erros detectados. 5.- Corrixir determinadas cuestións da normativa. 6.- Modificar a normativa no que afecta ó patrimonio arqueolóxico. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Modifícase o contido das fichas. 2.- Recóllese no catálogo os dous hórreos e a edificación tradicional de Pontepedra. 3.- Modifícase o contido das fichas. 4.- Corríxense os erros. 5.- Corríxese a normativa.
INFORME SECTORIAL	4º informe	CONSELLERÍA DE CULTURA. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	INFORME SECTORIAL	12/01/2015	<p>Infórmase favorablemente indicando unha serie de pequenas modificacións nas fichas e na normativa.</p>	Realízanse as modificacións pertinentes na fichas e normativa.
INFORME SECTORIAL		CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA	INFORME SECTORIAL	16/07/2010	<p>Infórmase favorablemente indicando unha serie de pequenas modificacións nas fichas e na normativa.</p>	Realízanse as modificacións pertinentes na fichas e normativa.
INFORME SECTORIAL		CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE. DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.	INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE RESIDUOS	07/07/2008	<p>Informa ó respecto das cuestións normativas a ter en conta na recollida e reciclaxe de residuos.</p>	
INFORME SECTORIAL		CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	CONSULTA	21/12/2012	<p>Solicítase realizar unha serie de modificacións no ISA:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Considerar máis alternativas ademais da cero e a proposta. 2.- Debe facerse referencia a outros plans e programas relacionados co PXOM de Tordoia. Indícase que nas DOT o concello aparece recollido como Concello de interese patrimonial. 3.- Solicítase estudar de maneira máis analítica as variables de sustentabilidade. 4.- Solicítase que se corrixa o plano de riscos naturais incorporando, fundamentalmente as zonas con risco de inundación. 5.- Solicítase xustificar a creación de solo industrial en base á evolución demográfica e previsións de crecemento económico. 6.- Solicítase incorporar un estudo da paisaxe máis detallado. 7.- Solicítase a realización dun estudo hidrolóxico que contemple as avenidas correspondentes ós períodos de retorno de 100 e 500 anos. 8.- Solicítase a incorporación dun estudo acústico. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Incorporáanse novas alternativas ó ISA. 2.- Con respecto ó interese patrimonial con concello, cóntase con informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. 3.- Introdúcense e analízanse novas variantes de sustentabilidade. 4.- Modifícase o plano de riscos naturais e tecnolóxicos. 5.- A creación de solo industrial ven avalada pola existencia de industrias que, a falla de solo convintemente dotado xurdiron á marxe do planeamento, como o caso das existentes en Pedrasalqueira (Anxeriz). A falla de solo seguirá xerando problemas de disciplina urbanística.. 6.- Realízase un estudo da paisaxe máis detallado. 7.- O PXOM conta con informe favorable de Augas de Galicia. Ademais procede incorporar os planos de inundabilidade realizados por este organismo. 8.- Apórtase plano de servidumes e zonificación acústica.